Compostela Cultura

Concerto 30º Aniversario do Auditorio de Galicia

AUDITORIO DE GALICIA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

2019 → 2020

XOVES 24 OUTUBRO 2019

20.30 h

Auditorio de Galicia

SOÑOS DE INVERNO

Paul Daniel Director
Steven Isserlis Violoncello

Sala Mozart
19.45 h
CONvers@ndo con
PAUL DANIEL Director
SOFÍA O. INFANTE SOUTO Compositora

PROGRAMA

I
SOFÍA O. INFANTE SOUTO (1989)
In memoriam (7´)
(Obra encargo da RFG. Estrea absoluta)

EDWARD ELGAR (1857-1934)
Concerto para violoncello en mi menor, op. 85 (32´)

Adagio; Moderato
Lento; Allegro molto
Adagio
Allegro; Moderato; Allegro, ma non troppo

Steven Isserlis, violoncello

II
PIOTR ILICH CHAIKOVSKI (1840-1893)
Sinfonía núm. 1 en sol menor "Soños de inverno",
op. 13, TH 24 (45´)

Soños dunha viaxe en inverno: Allegro tranquillo
Terra desolada, terra de néboa: Adagio cantabile ma non tanto
Scherzo: Allegro scherzando giocoso
Finale: Andante lugubre; Allegro moderato; Allegro maestoso

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 40 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Director artístico titular
Paul Daniel

Principal director invitado
Jonathan Webb

Director asociado
Maximino Zumalave

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.
A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I
James Dahlgren (concertino)
Adriana Winkler (axuda de concertino)
Anca Smeu **
Yulia Petrushevskaya
Ildikó Oltai
Anna Alexandrova
Daniel Kordubaylo
Michal Ryczel
Ilya Fisher
Victoria Jurov
Claudio Guridi

VIOLÍNS II
Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Elina Viksne
Samira Ajkic
Enrique Roca
Kiyoko Ohashi
Gyula Vadaszi
Irina Gruia
Helena Sengelow

VIOLAS
Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Ionela Ciobotaru
Anne Schlossmacher
Timur Sadykov
Iriana Fernández
Oxana Bakulina

VIOLONCELLOS
Plamen Velev *
Millán Abeledo **
Ailsa Lewin
Thomas Piel
Carlos García
Milagros García (R)

CONTRABAIXOS
Alfonso Morán *
Oriol Xicart **
Raquel Miguélez (R)

FRAUTAS
Laurent Blaiteau *
Luis Soto **
Pablo Díaz ***

ÓBOES
Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES
Beatriz López *
Vicente López **

FAGOTES
Manuel Veiga *
Antonio Gómez (R)

TROMPAS
Jordi Ortega *
Xavier Ramón **
Simon Lewis (R)
Aitor Porta ***

TROMPETAS
Javier Simó *
Ramón Llátser **
Eduardo Gracia ***

TROMBÓNS
Iago Ríos (R)
Arturo Centelles (R)
Óscar Vázquez (R)

TUBA
Miguel Franqueiro (R)

TIMBAL
José Vicente Faus *

PERCUSIÓN
Pablo Salgueiro (R)
Xacobe Roca ***

* principal | ** coprincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

PAUL DANIEL

Director

É o director titular e artístico da RFG dende 2013 e tamén se encarga da dirección musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Entre 2009 e 2013 foi o principal director e conselleiro artístico da West Australian Symphony Orchestra de Perth e foi director musical da English National Opera e da Ópera de North, ademais de principal director da Opera Factory. Foi director invitado das máis destacadas orquestras e compañías de ópera por todo o mundo. Dirixiu no Royal Opera House Convent Garden, en La Monnaie en Bruxelas, na Ópera Estatal de Baviera en Múnic ou no Metropolitan Opera de Nova York.

Recentes e futuros compromisos operísticos inclúen *Lucrecia Borgia* e *As vodas de Fígaro* coa English National Opera, *Gloriana* no Covent Garden, *Lulú* en La Monnaie, un dobre cartel con *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* coa Ópera Nacional de París; *Os troianos* coa Ópera de Berlín; ou *A Village Romeo and Juliet* coa Ópera de Frankfurt. Ademais dos seus concertos coa West Australian Symphony Orchestra e a Real Filharmonía de Galicia, dirixirá a Filharmónica da BBC, Orquestra Nacional de Burdeos, Royal Philharmonic, Sinfónica de Hamburgo, Orquestra da Radio de Múnic, Tapiola Sinfonietta, Australian National Academy of Music, National Youth Orchestra e participará no Festival de Bregenz (Austria).

Entre as súas numerosas gravacións destaca o éxito alcanzado polo CD coa *Sinfonía núm. 3* de Elgar e o DVD da gravación de *Lulú* en La Monnaie coa soprano Barbara Hannigan. Coa Orquestra Nacional de Burdeos gravou obras de Wagner, Mahler e Chaikovski. En 1998 recibiu un Premio Olivier pola súa dedicación á ópera e nos New Year's Honours de 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.

STEVEN ISSERLIS

Violoncello

Aclamado en todo o mundo pola súa gran mestría musical e técnica, o violoncellista británico Steven Isserlis goza dunha carreira singularmente variada como solista, músico de cámara, educador, autor e locutor. Actúa coas orquestras e directores máis importantes do mundo como a Orquestra do Gewandhaus de Leipzig, Filharmónica de Berlín, Filharmónica de Viena, Filharmónica de Londres, Tonhalle de Zúric e Filharmónica de Los Ángeles; e cada temporada ofrece recitais nos principais centros musicais. Como músico de cámara, ten actuado en importantes series de concertos como as do Wigmore Hall de Nova York ou o Festival de Salzburgo. Ademais, en contadas ocasións tamén dirixe orquestras de cámara desde o cello en programas clásicos.

Ten un grande interese na interpretación histórica; traballa con moitas orquestras de instrumentos de época e ofrece recitais con clavecín e fortepiano. Tamén é un grande expoñente da música contemporánea e ten estreado moitas obras novas, entre elas *The Protecting Veil* de John Tavener, *Lieux retrouvés* de Thomas Adès e *For Steven* de Gyorgy Kurtag.

A súa discografía inclúe *"Cello Suites"* de Bach para Hyperion (Álbum Instrumental do Ano de Gramophone); as obras completas de Beethoven para violoncello e piano con Robert Levin e os concertos de Elgar e Walton coa Orquestra Philharmonia e Paavo Jarvi. As súas últimas gravacións recollen o Dobre Concerto de Brahms con Joshua Bell e a Academy of St Martin in the Fields, e, como director e solista, concertos de Haydn e CPE Bach coa Deutsche Kammerphilharmonie Bremen. En 2017 publicou un disco especial inspirado na Primeira Guerra Mundial con Connie Shih que reunía obras interpretadas cun cello de viaxe que se tocou nas trincheiras.

Desde 1997 é Director Artístico do Seminario Internacional de Músicos en Prussia Cove (Reino Unido). Tamén lle gusta tocar para nenos e creou tres

historias musicais coa compositora Anne Dudley. Os seus dous libros para nenos, publicados por Faber, foron traducidos a moitos idiomas. No seu último libro fai unha análisise do famoso *Consello para xoves músicos* de Schumann.

Gañador de numerosos premios, os honores de Steven Isserlis inclúen o título de Cabaleiro do Imperio Británico en recoñecemento aos seus servizos á música, o Premio Schumann da Cidade de Zwickau e o Premio Piatigorsky nos Estados Unidos. En 2017 foi galardoado co Premio do Festival de Música Original Glashütte, a Medalla de Ouro Wigmore Hall e a Medalla Walter Willson Cobbett polos seus servizos á música de cámara.

Isserlis interpreta a maioría dos seus concertos co violoncello Stradivarius "Marqués de Corberon" (Nelsova) de 1726, cedido pola Royal Academy of Music.

Sofía Oriana Infante (1989)

Nada en Santiago de Compostela, Sofía é unha compositora transmoderna que reside en Ferrol. Cursa os seus estudos no Conservatorio Superior de Oviedo, especializándose na composición xeral e audiovisual, cunha investigación final das principais tendencias estéticas nos novos compositores españois. Ao mesmo tempo completa o grao en maxisterio e posteriormente, cursa o Mestrado de educación, tamén na Universidade de Oviedo e outro en composición para filmes e TV na Universidade de Kingston de Londres, con distinción no seu proxecto final sobre o New York Times' 14 actors acting'. Completou a súa formación grazas a compositores como E. Zampronha, J. Carrillo, F. Blanco, M. Fernández e F. Agüeria, e tivo a oportunidade de aprender de referentes como K. Penderecki e N. Muhly. Na súa produción hai pezas do mundo audiovisual e do académico-contemporáneo cun estilo complexo de etiquetar debido á súa diversidade, mais a composición multidisciplinar e o interese pola representación dunha realidade transmoderna son as liñas definitorias principais. Nos seus comezos, asiste ás gravacións de bandas sonoras do compositor, nominado aos Goya, Sergio Moure nas películas *Todo es silencio* de Jose Luis Cuerda, e *Time Rojak*, de Isaac Kerlow, onde tamén é asistente de orquestración de Alejandro Román. Ten participado como docente en dúas ocasións no Leonardo da Vinci Project 'European Art Confluence'. Ten estreado o lied *O cazador de libros* (2008) (Jose Manuel Yañez Carballeira e Maite Bárbara), poema homónimo de Ramiro Fonte, en Ferrol; *Telestai* (2009) para Tempo Catro (Javier Cedrón, Suso Iglesias, Antonio Romero Cienfuegos e Andrés Pazos) no Teatro do Andamio n'A Coruña e *Se la están cepillando todos los días* (2013) para frauta, violín, guitarra eléctrica, fagot e electrónica en Oviedo. En Londres, recibe o encargo da Kingston 3A Orchestra para a composición de *Panta Rhei*, estreada en Kingston Upon Thames no 2015 dirixida por David Ward. No Festival Internacional Bergerault (2017) recibe clases personalizadas de Alberto Bernal, Michael Maierhof e Yiran Zhao. Ademáis, o contacto con percusionistas da talla de L. Carro, C. Peris, L. Tabuenca, P. Spiesser e M. Takehara manteñen o seu interese

pola composición contemporánea real e virtual. Obras resultantes deste contacto son *Relative Time* (2017) e *Backwards Tape* (2017) que se orientan nun estilo máis persoal. Son súas as bandas sonoras de cortos como *Asco* (2013), *Foto de Familia* (2014) e *La Pelota* (2017) de F. G. Pliego, *Backwoods* (2016) de L. Bellamy e *Operation: Freedom* (2018) de K. Ghee. A súa primera banda sonora para longametraxe é *Elisa y Marcela* (2019) de Isabel Coixet producida por Netflix, estreada no Festival de Berlín. Na actualidade cursa o seu doutoramento sobre a Intelixencia Artificial como ferramenta compositiva e o Grao en Historia e CC da Música, alternando con periodos intermitentes de docencia. No concerto de hoxe Sofía estrea unha peza encargo da Real Filharmonía de Galicia con motivo do 30 aniversario do Auditorio de Galicia e que a compositora describe así "*In memoriam* é unha homenaxe, un punto e aparte, unha reflexión... unha obra sobre a ausencia e o recordo. Estrutúrase sobre un eixo cronolóxico da miña propia vida dividido en tres partes, separadas polo silencio subxectivo: o meu pai, a miña nai e eles dous na miña memoria. A peza remata simbolicamente cos meus últimos folgos de vida interpretados polos metais".

Edward Elgar (1857-1934)

Son moitos os concertos para violoncello de todos os tempos que espertan entusiasmo no público: Haydn, Schumann, Brahms, Strauss, Shostakovich ou Prokofiev pero, son dous son os que se interpretan con máis frecuencia; un é o de Antonin Dvorak, unha obra épica rebosante de melodías e que abrangue unha ampla gama de emocións e o outro é unha peza íntima, moi concentrada e diferente a calquera outro escrito, o *Concerto en mi menor op. 85* de Edward Elgar, compositor inglés que, pese a medrar nun ambiente musical, podería decirse que o seu talento madurou tardiamente e foi recoñecido case na cincuentena, grazas ás *Variacións Enigma* e a *O sono de Gerontius*. A Primeira Guerra Mundial convirte a Elgar nun home decepcionado, agotado no persoal -colegas como George Butterworth, Ernest Farrar ou Cecil Coles foron abatidos nas trincheiras- pero tamén creativamente.

A súa debilidade física e emocional faino instalarse en Fittleworth (Sussex) onde, lonxe do bulicio londinense, recupera as enerxías e no verán de 1918, coa colaboración do violoncellista Felix Salmond, escribe o *Concerto para violoncello e orquestra* no que amosa o seu coñecemento do instrumento e os seus límites, sabe das súas posibilidades e non recorre a artificios senón que outorga ao cello unha voz propia, de modo case natural. No primeiro dos catro movementos que conforman o concerto, o extraordinario só co que se inicia a peza reforza o carácter noble e lánguido presente ao longo da partitura. A claridade harmónica e a precisión métrica do tema principal beben das correntes conservadoras do último romanticismo alemán, o que non significa que a obra careza de orixinalidade. A integración de solista e orquestra suliñan os clímax cunha escala ascendente a cargo do violoncello que fai que a peza vaia gañando densidade e intensidade sonora. Uns acordes executados en *pizzicato* anuncian o segundo movemento no que Elgar opta por converter o *scherzo* nunha forma de *perpetuum mobile*, un rapidísimo só con notas repetidas en *detaché* -unha especie de actualización do antigo *stile concitato* de Monteverdi- de enorme esixencia técnica, mantendo un altísimo nivel de virtuosismo. Un breve *Adagio* leva ao maior dos catro movementos, un *Allegro ma non troppo* en forma de rondó libre no que o primeiro tema é suxerido e antes de que comece a fluir, unha declamatoria intervención do solista, interrómpeo. A excitación e alegría do tema principal suspéndese por referencias a materiais de movementos anteriores, envolvendo todo nun clima reflexivo que fai deste traballo un dos máis grandes do compositor inglés. No final da partitura Elgar escribíu 'Finis. R.I.P', sinalando, expresamente ou non, a fin da súa creación, da Gran Guerra, pero tamén a fin dunha era. A obra caeu no esquecemento ata que foi recuperada nos anos sesenta coa memorable versión de Jacqueline du Pré.

Piotr I. Chaikovski (1840-1893)

Chaikovski é un dos músicos románticos máis representativos polo núcleo do seu catálogo creativo pero tamén polo devir da súa vida privada, chea de conflitos, paixóns e vicisitudes. Cando na primavera de 1886, recén nomeado profesor de harmonía no Conservatorio de Moscova dirixido polo seu amigo Nikolai Rubinstein e a petición deste comeza a escribir a súa *Primeira Sinfonía*, ese xénero aínda era un ermo na paisaxe musical rusa. Nin o suposto 'pai da música rusa', Glinka, nin Mussorgski, Borodin ou Balakirev levaran a termo as súas primeiras sinfonías, só Rimski-Korsakov coa súa pouco orixinal *Sinfonía núm. 1*, estreada en 1865 e as tres primeiras sinfonías de Rubinstein conseguen adiantarse ao precursor e sobresaínte ensaio chaikovskiano. O desacordo entre a escola nacionalista de San Petersburgo impulsada por Glinka e o Grupo dos Cinco, e a de Moscova, que arredor dos irmáns Rubinstein tendía cara a Occidente, comeza a aparecer cando Chaikovski acomete as súas primeiras composicións; algunhas como a súa *Oda á alegría* xenerou opinións tan dispares como a de César Cui que advertía que o compositor era "totalmente incapaz e carente de talento" ou a de Hermann Laroche quen o consideraba como "o maior talento musical da Rusia de hoxe [...] máis poderoso e orixinal que Balakirev, máis nobre e creativo que Serov, infinitamente máis cultivado que Rimski-Korsakov". Os encomios de Laroche condicionaron a Chaikovski ao afrontar a súa primeira partitura de gran formato. A *Sinfonía núm 1*, escrita entre marzo e novembro de 1866, levou ao borde dunha depresión ao compositor que, posuído pola idea de que podía morrer sen rematar a súa nova obra, traballou día e noite sen descanso, atormentado por alucinacións e crises de ansiedade ata que o dictame médico de estar "a un paso da tolemia" puxo fin a ese estado de autodestrución. Esta *Primeira Sinfonía*, titulada *Soños de inverno* foi estreada en Moscova en febreiro de 1868 dirixida por Nicolai Rubinstein, que xa dirixira os dous primeiros movementos un ano antes en San Petersburgo. A sinfonía, aínda que sen programa detallado, ten un trasfondo literario e fai referencia ás viaxes de Chaikovski de Moscova a San

Petersburgo durante o inverno. A obra foi revisada en varias ocasións seguindo os consellos dos seus mestres, madurando os aspectos formais e coidando a orquestración con esmero. Incluso en 1874, xa estreada a sinfonía foi revisada para a súa edición e anos máis tarde realizou novas correccións para unha segunda edición en 1888. Unha sinfonía en catro movementos na que destaca a clara intención de respetar a forma clásica e aportar as vivencias personais á intensidade melódica, riqueza harmónica e enerxía orquestral. No primeiro movemento, *Allegro tranquillo* subtitulado *Soños durante unha viaxe de inverno*, a forma sonata clásica é empregada con certo rigor, cun leve fondo das cordas no primeiro tema, lírico e animado, é presentado pola frauta e o óboe suxerindo o frío inverno, que medra ata chegar a un primeiro tutti orquestral. A continuación o clarinete ofrece o segundo tema de orixe popular rusa, máis solemne e elexíaco, para desenvolvelos nun ámbito descritivo imaxinario. O *Adagio cantabile ma non tanto,* titulado *Comarca lúgubre, comarca brumosa* é un movemento sosegado, expresivo e melancólico, dun lirismo frío, nórdico, a modo de escura quimera. O *Scherzo* do terceiro movemento aparece cun motivo rítmico simple, inquedo e etéreo que pasa polas diferentes seccións da orquesta con lixeireza. O *trío é* unha sorte de vals lento coa corda en *divisi* para incidir na súa sutileza con breves intervencións de frauta e fagot. A continuación repítese o comezo superpoñendo elementos rítmicos da parte central suliñados polo timbal. O *Finale* iníciase en *Andante lúgubre* cos instrumentos de madeira que presentan unha sombría melodía popular que pasa á corda, e evoluciona con redobres de timbal para acentuar o seu carácter ata o *Allegro moderato*. Novos temas son aillados polos metais en continuo diálogo coa corda que evolucionan con pasaxes ligadas cunha brillante orquestración e diversas dinámicas. O regreso ao *Andante lúgubre* marca o final que mestura os motivos iniciais como se dunha reexposición se tratase. Un repentino cambio de dinámica prepara unha apoteose brillante e colorista.

Xoves 31 de outubro
20.30 h
BRAHMS SEMPRE

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Michail Jurowski, director
Ellinor D'Melon, violín

J. Brahms, *Concerto para violín en Re maior, op. 77*
J. Brahms, *Sinfonía núm. 1 en do menor, op. 68*

Domingo 10 de novembro
20.30 h
A AMNESIA DE CLÍO

Ópera "A amnesia de Clío" de Fernando Buíde (estrea absoluta)*
Fernando Epelde, texto

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Paul Daniel, director
Pablo Devigo, director asistente
Raquel Lojendio, soprano
Sebastiá Peris, barítono
Marina Pardo, mezzosoprano

ORFEÓN TERRA A NOSA
Miro Moreira, director

Marta Pazos, dirección escénica

19.45 h
Sala Mozart

Conversando con ... Paul Daniel, Fernando Buíde e Marta Pazos

AUDITORIO DE GALICIA
Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES
T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS
T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacapitalcultural.gal

RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCapitalCultural

@rfgalicia
@CCultura

CONSORCIO DE SANTIAGO
GOBIERNO DE ESPAÑA
CONCELLO DE SANTIAGO
XUNTA DE GALICIA
AUDITORIO DE GALICIA
Deputación DA CORUÑA